

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OROSO

Bases e convocatoria que rexerán a selección, por oposición, dun técnico do Centro de Estudos e Investigación do Camino Inglés do Concello de Oroso, en réxime de contratación laboral temporal e formación dunha bolsa de emprego

ANUNCIO

ASUNTO: BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN A SELECCIÓN, POR OPOSICIÓN, DUN TÉCNICO DO CENTRO DE ESTUDOS E INVESTIGACIÓN DO CAMIÑO INGLÉS DO CONCELLO DE OROSO, EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

Mediante resolución de Alcaldía n.º 1175/2017 do 15.11.2017 a aprobación das bases para a selección de técnico do Centro de Estudos e Investigación do Camiño Inglés do Concello de Oroso en réxime de contratación laboral temporal e formación dunha bolsa de emprego.

Co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade e de conformidade co contido das propias bases procédese á publicación da citada convocatoria e do texto íntegro das bases facéndose constar que o prazo para a presentación de solicitudes será de sete (7) días naturais contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia a contar a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN, POR OPOSICIÓN, DUN TÉCNICO DO CENTRO DE ESTUDOS E INVESTIGACIÓN DO CAMIÑO INGLÉS DO CONCELLO DE OROSO, EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

I. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da convocatoria é a selección dun técnico do Centro de Estudos e Investigación do Camiño Inglés do Concello de Oroso en réxime de contratación laboral temporal e formación dunha bolsa de emprego.

O proceso selectivo será o oposición, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 6 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro (en adiante TREBEP).

II. NORMATIVA APLICABLE.

Ao presente oposición seralle de aplicación o previsto no TREBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

1. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
2. Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
3. Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.
4. Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.
5. Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley do Estatuto Básico do Empregado Público.
6. Ley 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia.
7. Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
8. Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Ley do Estatuto dos Traballadores.

III. RÉXIME XURÍDICO.

O réxime xurídico da relación será de carácter laboral temporal, en réxime de dedicación a tempo completo.

IV. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TREBEP:

1.–Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

2.–Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.

3.–Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, do título universitario ou equivalente requirido, segundo o espazo europeo de educación superior, con formación académica nalguna das materias que se relacionan coa especialidade do campo a que se opta: grao en historia, historia da arte, máster en xestión do patrimonio artístico e arquitectónico, museos e mercado da arte, ou antigo nivel de licenciatura en historia da arte, ou museoloxía.

4.–Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións.

5.–Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

6.–Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

V. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

1. Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante da instancia que se recolle no Anexo II destas Bases, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello.

Xunto coa solicitude débense achegar fotocopias dos documentos xustificativos de cumprir os requisitos de participación.

A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

1. Fotocopia simple do D.N.I ou documento equivalente.

2. Fotocopia simple da titulación esixida para tomar parte no procedemento ou documentación xustificativa pertinente cando aínda non se dispoña del. Neste derradeiro caso, deberán achegar o xustificante de ter solicitado o título e do pagamento, no seu caso, das taxas esixibles.

3. Fotocopia simple do documento acreditativo do certificado Celga 4 ou superior. De non aportarse o Celga 4 ou superior os aspirantes deberán realizar o exercicio eliminatorio para acreditar o coñecemento da lingua galega previsto na Base VIII.

4. A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello de Oroso cando considere que existe dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

5. Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas.

6. O prazo para a presentación de instancias, no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de SETE (7) DÍAS NATURAIS, contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil.

VI. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.concellooroso.com) Contra

esta relación os interesados poderán formular reclamacións ou emenda de erros no prazo de tres días hábiles dende a súa publicación na sede electrónica. No caso de que non se presentaran reclamacións contra a lista provisional, ou que non houbera ningún aspirante excluído, entenderase esta coma definitiva.

2. No anuncio de aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos será sinalado o lugar, data e hora de realización das probas da fase de oposición e a composición do Tribunal Cualificador, debendo transcorrer polo menos 48 horas entre a publicación e a data de realización das probas.

As restantes notificacións que se realicen durante a tramitación deste proceso de selección publicaranse na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios do mesmo.

VII. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TREBEP e 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e estará composto polos seguintes membros:

- Presidente: funcionario ou persoal laboral fixo que se designe pola Alcaldía-Presidencia.
- 3 vogais funcionarios ou persoal laboral designados pola Alcaldía-Presidencia.
- Secretario: un funcionario da Corporación designado pola Alcaldía-Presidencia.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario, ou quen os substitúa.

Todos os membros do tribunal cualificador actuarán con voz e voto, agás o/a Secretario/a, que non terá voto nas sesións do tribunal.

As decisións do tribunal cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente.

O tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores e especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes, que actuarán con voz pero sen voto, limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano de selección.

O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

Os membros do Tribunal de selección estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

VIII. PROCESO SELECTIVO.

1. A selección realizarase mediante o sistema de oposición.

2. Dende a conclusión dunha proba ata o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de vinte e catro horas dende a publicación das cualificacións do exercicio ou proba anterior, no seu caso.

3. A citación realizarase colectivamente para todos os aspirantes cando a proba deba realizarse en acto colectivo.

4. Os aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos do proceso selectivo quen non compareza, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo tribunal.

5. No entanto, as mulleres embarazadas que prevegan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal, baseándose na información recibida, acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación inclúanse en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

6. Para aquelas probas que non poidan celebrarse conxuntamente, a orde de actuación dos aspirantes iniciarase alfabeticamente, por cada número de orde, comezando polo primeiro da letra “K”, segundo o establecido na resolución da Consellería de Facenda, do 20 de xaneiro de 2017 (“Diario Oficial de Galicia” do 30 de xaneiro de 2017. No caso de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra “K”, a orde de actuación iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “L” e así sucesivamente.

7. Os aspirantes deberán presentarse a cada exercicio ou proba provistos do DNI, carné de conducir, pasaporte, ou outro documento que a xuízo do tribunal acredite fidedignamente o seu identidade. En calquera momento o tribunal poderá requirir aos aspirantes para que acrediten a súa identidade.

8. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das/os aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas como colaboradores do tribunal. Quedan exceptuadas desta regra as entrevistas curriculares e as sesións de lectura pública dos exercicios realizados no caso de existir.

OPOSICIÓN. PUNTUACIÓN MÁXIMA 10 PUNTOS

1. A fase de oposición ten por obxecto valorar tanto os coñecementos sobre a materia como a súa aplicación práctica, e versará sobre o temario que se recolle no anexo I das presentes bases.

2. Consistirá na realización de 2 exercicios, que serán obrigatorios e con carácter eliminatorio.

a) **Primeiro exercicio:** consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de unha (1) hora, dun cuestionario tipo test de 40 preguntas relacionadas co programa achegado nas bases.

A puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,25 puntos.

Na proba incluíranse 5 preguntas de reserva que deberán ser contestadas polos/as aspirantes e que se avaliarán en substitución daquelas que de xeito motivado fose anuladas polo tribunal. De esgotarse as preguntas de reserva, outórganse a cada resposta correcta a puntuación correspondente ao cociente resultado de dividir a puntuación máxima total do exercicio entre o número de preguntas válidas.

Xunto coa corrección do exercicio, o tribunal publicará a listaxe de respostas correctas.

b) **Segundo exercicio:** proba de coñecemento da lingua galega. Esta proba cualificarase como apto ou non apto e consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego nun tempo máximo de trinta (30) minutos.

De conformidade co establecido no art. 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos da realización deste exame os/as aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 4 ou documento equivalente.

IX. RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

1. A puntuación total dos participantes virá determinada, pola puntuación obtida na fase de oposición, cunha puntuación máxima de 10.

En caso de empate este resolverase mediante sorteo público convocado ao efecto.

2. O tribunal publicará na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios a relación de candidatos que superaron o proceso selectivo, ordeados por orde de puntuación, con indicación da puntuación final obtida por cada un dos candidatos, así como as notas parciais de cada unha das fases do proceso selectivo.

3. Corresponderá ao Alcalde, mediante Resolución, a aprobación da relación de candidatos que superaron o procedemento de selección e a súa orde de prelación ós efectos da formación da bolsa de emprego.

4. Os candidatos/as que entren a formar parte da Bolsa de Emprego deberán presentar no prazo que se estableza na Resolución da Alcaldía que propoña no seu caso a súa contratación, a documentación que se menciona na base V. Quen dentro do prazo fixado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame da mesma deducíse que carece dalgún dos requisitos esixidos nestas bases, quedarán excluídos do proceso selectivo, sen prexuízo da responsabilidade en que se puidera incorrer por falsidade na solicitude de participación ou na documentación achegada.

X. REGLAS DE FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

1. Cos candidatos que superasen o proceso selectivo formarase unha lista por orde de puntuación total obtida, que será empregada para o chamamento de candidatos coa finalidade de realizar contratacións laborais temporais en aplicación dos supostos previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores (realización de obras ou servizos determinados, acumulación de tarefas e substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo).

Soamente poderá prescindirse desta Bolsa de emprego cando a aplicación doutra norma de rango legal ou regulamentario, ou no caso de contratacións financiadas con subvencións públicas a súa normativa reguladora impoña a utilización dun procedemento de selección diferente, ou a esixencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes ós destas Bases.

2. O nomeamento dos aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de traballo, por orde decrecente de puntuación, que virá determinada pola suma total das puntuacións acadadas no proceso selectivo.

3. Os chamamentos realizaranse por vía telefónica efectuándose, como mínimo, dúas chamadas con un intervalo mínimo de 5 horas. Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os/as interesados/as son responsables de comunicar ao concello calquera alteración do seu número de contacto.

O/a empregado/a público que efectúe as chamadas fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir o posto para o que se realice o chamamento. De non atender as chamadas telefónicas, entenderase que o aspirante desiste do mesmo.

4. Os integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para a que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

5. Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación non se presentaran ou renunciaran a esta sen causa xustificada, ou que renunciaren a continuar desempeñando un posto para o que fosen contratados en aplicación destas bases, pasarán a ocupar a derradeira posición na lista.

No caso de ser convocados por segunda vez e non atender o requirimento, serán expulsados da lista mediante Resolución da Alcaldía.

Consideraranse como causa xustificada para a renuncia ao chamamento, entre outras, as seguintes:

A) Estar desenvolvendo un traballo remunerado en virtude de relación laboral ou funcionarial nas datas para as que se efectúa o chamamento.

B) Estar cursando estudos cuxo horario lectivo sexa incompatible co do posto para o que se efectúa o chamamento ou estar convocada a realización de exames nas datas para as que se efectúa o chamamento.

C) Atoparse en situación de incapacidade médica que impida de xeito temporal o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

D) Atoparse, en caso de maternidade, dentro das 16 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas mais por cada fillo a partires do segundo), ou, en caso de paternidade, dentro das 4 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 días hábiles mais por cada fillo a partires do segundo).

O candidato deberá acreditar documentalmente a efectiva concorrencia da causa que alegue para renunciar ao chamamento.

Mediante Resolución da Alcaldía determinarase a procedencia do pase á derradeira posición da lista, así como a aceptación ou rexeitamento das causas alegadas polos candidatos para a renuncia ao chamamento e/ou o desestimento no posto de traballo.

6. A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que cese o primeiro nomeamento.

7. Os integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude formulada a tal efecto. Dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses, segundo o solicite o interesado, computados desde a data de efectos da suspensión.

8. Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo, por Resolución da Alcaldía procederase ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente.

9. O cese producirase por resolución da Alcaldía cando aconteza a causa de extinción do contrato de traballo ou cando se produzan algún dos supostos previsto no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

10. A bolsa de emprego terá unha vixencia de catro (4) anos contados dende a aprobación pola Alcaldía da Resolución a que fai referencia a Base 9, apartado 3.

XI. IMPUGNACIÓN.

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso

contencioso-administrativo (artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desestimado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior; as solicitudes de revisión de exame que poidan presentarse polos aspirantes serán consideradas como solicitudes de acceso ao expediente ao abeiro do previsto nos artigos 13.d) e 53.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo a única obriga para o Tribunal de Selección a de expoñer os criterios técnicos xerais que se tiveron en conta para a obtención da puntuación.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

TEMARIO DA FASE DE OPOSICIÓN

- 1.-Constitución Española. Compromisos fundamentais en materia de cultura, educación e patrimonio.
- 2.-Estatuto de Autonomía de Galicia. Competencias da comunidade en cultura, educación e patrimonio.
- 3.-Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- 4.-Decreto 314/1986, do 16 de outubro, do sistema público de museos da Comunidade Autónoma Galega.
- 5.-Competencias e deberes da administración local en materia de patrimonio cultural.
- 6.-Dereitos e deberes da cidadanía ao respecto de patrimonio cultural.
- 7.-Os camiños de Santiago como vínculo cultural e turístico.
- 8.-O Camiño Inglés a Santiago como destino turístico e cultural. Trazado. Monumentos. Historia.
- 9.-O Camiño Inglés a Santiago ao seu paso polo Concello de Oroso. Trazado. Monumentos e lugares mais destacados.
- 10.-Oroso como destino turístico e cultural. Principais monumentos e atractivos culturais e turísticos. Parroquias que o conforman.

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE

D./D.^a, con DNI número, e domicilio, para os efectos de notificación, en, C.P., teléfono

EXPÓN:

Que desexa participar no proceso de selección convocado para a provisión do posto de traballo de técnico do Centro de Estudos e Investigación do Camiño Inglés do Concello de Oroso en réxime de contratación laboral temporal e formación dunha bolsa de emprego.

Para tal efecto fai constar:

- Que coñece e acata incondicionalmente as bases da convocatoria que rexen o presente proceso selectivo.
- Que reúne os requisitos establecidos na base IV e que son certos os datos consignados nela.

SOLICITA:

Ser admitida/o a participar no referido procedemento de selección.

Asinado e rubricado.

Oroso, asinado dixitalmente.

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira